

## NUMISMÁTICA GALAICO-PORTUGUESA. A SÚA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN

---

*INTERREG II*  
Escola Superior de Conservación  
e Restauración de Galicia

Dentro das actividades extraescolares realizadas pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia nos anos 1997 e 1998, destaca especialmente o proxecto levado a cabo dentro do programa europeo INTERREG II, coa Escola Profissional de Arqueología do Freixo (Marco de Canaveses) de Portugal.

Este traballo de colaboración da Escola desenvólvese en resposta á necesidade de amplia-lo campo de experiencia dos alumnos e os profesores do centro e de lles proporciona-la posibilidade de levar a cabo prácticas de campo no eido da arqueoloxía. Prácticas que serven para completa-la formación recibida na escola e polos nosos alumnos e para sensibilizalos sobre a necesidade de recuperar e conserva-lo patrimonio cultural nun ámbito máis amplo có da propia comunidade, propiciando asemade o estudio interdisciplinar e a colaboración interrexional.

Para inicia-la realizacion do proxecto preparouse unha reunión previa na que os nosos coordinadores coñeceron o centro portugués. Isto desembocou nunha visita dunha semana de duración, dun grupo de 30 alumnos e 3 profesores,

á Escola Profissional de Arqueología, que foi unha primeira toma de contacto coa actividade da escola. Percorreuse a área arqueolóxica do Freixo, situada na freguesía do Freixo, no Concello de Marco de Canaveses, distrito do Porto. Actualmente é un bosto conxunto de ruínas de 32 hectáreas declaradas monumento nacional pola Lei 1/1986, e que corresponde á cidade romana de Tongobriga.

Ademais, tamén foron visitados diversos museos e restos arqueolóxicos do distrito do Porto. Como consecuencia desta actividade chegouse ó asinamento dun protocolo co Concello de Santo Tirso para que os alumnos da escola poidan participar nas escavacións da Área Arqueolóxica de Santo Tirso e facer estancias de traballo e formación no Museo Municipal.

Posteriormente foi devolta a visita, e un grupo de profesores cos seus alumnos coñeceron a nosa escola e participaron nas actividades dos talleres de arqueoloxía realizando prácticas sobre conservación e restauración de distintos materiais arqueolóxicos, particularmente cerámicas, vidro, mosaicos e metais.

Así mesmo, durante esos días tivo lugar unha conferencia a cargo do doutor Lino Tavares Dias, sobre o xacemento de Tongobriga.

Os alumnos da Escola Superior de Conservación e Restauración de BB.CC. de Galicia participaron na escavación arqueolóxica da Área do Freixo co obxectivo de estudiar, conservar e restaura-los espacios da zona de habitación de Tongobriga, situada no noroeste peninsular, no Conventus Bracaragustanus, que pertenceu administrativamente á Tarraconense e máis tarde á Gallaecia.

Na escavación realizada do 9 de setembro ó 3 de outubro de 1997, intervñeron alumnos da Escola Profissional de Arqueología, alumnos da Facultade de Letras da Universidade Católica e alumnos da nosa escola.

O inicio do estudio da dita área fixose no verán de 1980 e continúa ata a actualidade. Pouco e pouco vanse descubrindo as diferentes estructuras entre as que destacan as Termas e o Forum, así como outras zonas de habitación onde se traballa actualmente. Tongobriga preséntase como unha área rica en materiais arqueolóxicos e da que se van publicando os resultados a medida que se



Dúas moedas da época sueva acuñadas en Braga. A primeira é de prata e a outra, de ouro. As moedas achadas nas escavacións contribúen a estudia-los itinerarios de desprazamento e os diversos gobernos dos pobos

realizan as escavacións. A riqueza material permite achegar datos sobre as técnicas constructivas, a organización espacial e os diferentes conxuntos cerámicos descubertos.

No mes de setembro deste ano, como continuación desta colaboración, os alumnos da escola participan nunha nova campaña de escavacións nas áreas arqueolóxicas do Freixo e de Santo Tirso.

